

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE  
RIBEIRA O DÍA 03 DE FEBREIRO DO 2022.**

**ASISTENTES:**

<p align="center"><b>Presidente:</b> RUIZ RIVAS MANUEL SANTOS</p> <p align="center"><b>Membros que asisten:</b></p> <p>SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO DOVAL SAMPEDRO RAMON JOSE BARREIRO REGO ANA ISABEL REIRIZ LAMPON VICTOR BRION SANTAMARIA JUANA MARIA SAMPEDRO AGEITOS JAVIER VENTURA</p>	<p align="center"><b>Interventor:</b> BAO CASTRO PABLO</p> <p align="center"><b>Secretario Xeral:</b> SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p align="center"><b>Membros que non asisten:</b></p> <p>-----</p>
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 09:30 do día Tres de Febreiro do Dous mil vinte e dous, reúnense os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

**1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES**

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 27/01/2022

**2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202201/142**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa en funcións, María José Sampedro Fernández, de data 21/01/2022 "Decreto: Aprobación do Plan de seguridade e saúde e do Plan de xestión de residuos das obras do proxecto denominado "PAVIMENTACIÓN DA RÚA ROMERO ORTIZ (RIBEIRA)""



### 3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202201/181

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 25/01/2022 “Decreto: CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN DA FIANZA CONSTITUÍDA E DEPOSITADA POLA EMPRESA “AUTOS IGLESIAS, S.L.” PARA RESPONDER DO CONTRATO “ADQUISICIÓN DE UN VEHÍCULO TURISMO (LOTE 1) PARA A POLICÍA LOCAL, MEDIANTE A MODALIDADE DE ARRENDAMENTO CON MANTEMENTO (RENTING)”

### 4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202201/225

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 28/01/2022 “Decreto: Requerimiento de enmienda de la documentación administrativa presentada en el expediente para la adjudicación del contrato para ejecutar las obras del proyecto “REMODELACIÓN DEL FRENTE MARÍTIMO DE AGUIÑO””

### 5.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á TOMA DE COÑECEMENTO E PRESTAR CONFORMIDADE AO INICIO DE ACTIVIDADE - Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

*FINALIDADE DA LICENZA DE ACTIVIDADE: Punto de Encontro Familiar, (epígrafe IAE 952), “ASISTENCIA E SERVIZOS SOCIAIS”.*

*CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 2ª Residencial Intensivo Colectiva en Bloque.*

*REFª CATASTRAL: 11109B6NH0101S0003YQ.*

*SITUACIÓN: Avda das Airós, núm. 18, baixo, Ribeira.*

*PROMOTOR/A: Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, (CIF S1511001H).*

*DOCUMENTACIÓN COMUNICACIÓN PREVIA: Proxecto de obra e actividade de decembro de 2020 redactado pola arquitecta Luisa Serrano García.*

*DOCUMENTACIÓN FIN DE OBRA: Certificación final de obra, asinada pola arquitecta Luisa Serrano García o día 28 de outubro de 2021.*

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

#### ANTECEDENTES DE FEITO

**PRIMEIRO.-** Vista a comunicación previa presentada pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, (CIF S1511001H) para acondicionamento de local para destinalo a Punto de Encontro Familiar, (epígrafe IAE 952), achegándose Proxecto de obra e actividade de decembro de 2020 redactado pola arquitecta Luisa Serrano García.

**SEGUNDO.-** Vistos os informes técnicos favorables emitidos polo técnico municipal de medio ambiente Ignacio L. Fernández veiga con sinatura dixital de día 15 de xaneiro de 2021 e polo arquitecto técnico Manuel Sabín Sabín en tarefas de asesoramento á corporación con sinatura dixital de día 19 de xaneiro de 2021.

**TERCEIRO.-** Vista a comunicación previa para o inicio de actividade de Punto de Encontro Familiar, (epígrafe IAE 952), presentada pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, (CIF S1511001H).



**CUARTO.-** Vista a acta de comprobación tras realizar a pertinente visita de inspección favorable emitida polo técnico municipal de medio ambiente Ignacio L. Fernández Veiga para o inicio da actividade con sinatura de día 14 de xaneiro de 2022.

En atención á Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, non é preciso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, velando os concellos polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación correspondente, para o cal comprobarán, controlarán e inspeccionarán as actividades, da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 26/01/2022, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Tomar coñecemento e prestar conformidade ao inicio da actividade presentada pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia para Punto de Encontro Familiar, (epígrafe IAE 952) "ASISTENCIA E SERVIZOS SOCIAIS", en instalacións sitas na Avda de Airós, nº 18, baixo, Ribeira en parcela con refª catastral nº 11109B6NH0101S0003YQ.

**SEGUNDO.-** As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervenir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

**TERCEIRO.-** Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

**CUARTO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.



**6.- LICENZA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR. UBICACIÓN: SEGO-CASAL S/N, ARTES, RIBEIRA. PROMOTOR: ROSA MARÍA DOMÍNGUEZ REGO**

**VISTA** a solicitude de **licencia urbanística** presentada por **Dna. Rosa María Domínguez Rego**, rexistrado de entrada o días 19 de novembro de 2021, (Rexistro de entrada nº 15645), para construción de **vivenda unifamiliar**, no **lugar de Segó-Casal s/n, Artes, Ribeira**, nas parcelas con ref catastral: 15074A039002150000KF e 15074A039002160000KM achegándose Proxecto Básico de novembro de 2020 redactado por Dna. M. del Carmen Gago Fernández, arquitecta col. 2498.

**EXAMINADA** a documentación que lle acompaña así como os **informes do arquitecto técnico** en tarefas de asesoramento á Corporación de data 13 de xaneiro de 2022, da **enxeñeira municipal** de data 21 de xaneiro de 2022, e do **secretario xeral da Corporación** de data 27 de xaneiro de 2022, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.- CONCEDER** a **Dna. Rosa María Domínguez Rego** **licenza urbanística (Nº 3/22)** para construción de **vivenda unifamiliar**, no **lugar de Segó-Casal s/n, Artes, Ribeira**, nas parcelas con ref catastral: 15074A039002150000KF e 15074A039002160000KM achegándose Proxecto Básico de novembro de 2020 redactado por Dna. M. del Carmen Gago Fernández. arquitecta col. 2498 :

*-Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.*

*-Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde.***

*-Deberá prestar unha fianza de **147,45€** para responder polos servizos urbanísticos a completar pola construción sita en parcela de Chan de Núcleo Rural tipo C, no que existen os servizos urbanísticos esixibles: enerxía eléctrica, iluminación pública e rede de auga potable.*

**SEGUNDO.-** A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**TERCEIRO.-** Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

*-Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*

*-Acta de recepción de edificio terminado.*

*-Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*

*-Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.*

*-Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe*



*de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveles sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborarse a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.*

**CUARTO.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarse con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarse a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros*



*producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

**QUINTO.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SEXTO.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SÉTIMO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**OITAVO.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**NOVENO.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

**7.- LICENZA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA, UBICACIÓN: RÚA PUNTA DA BARCA AGUIÑO, RIBEIRA. PROMOTORA: SOLEDAD RIESGO VEIGA.**

**VISTA** a solicitude de **licencia urbanística** presentada por **Dna.Soledad Riesgo Veiga**  
**LICENZA DE OBRAS** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA** na





Rúa Punta da Barca, Aguiño, Ribeira, en **parcela D** resultante da **licenza de segregación nº 10/21**, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 16 de decembro de 2021, nos termos do Proxecto Básico de maio de 2021 redactado por Dna.Eva Abal Serantes e D.Alberto Martínez Naya, (arquitecta/os col. nº 11.017 e nº 3.961 respectivamente).

**EXAMINADA** a documentación que lle acompaña así como os **informes do arquitecto técnico** en tarefas de asesoramento á Corporación de data 11 de xaneiro de 2021, de **valoración do arquitecto municipal** de data 13 de xaneiro de 2022 do **técnico de administración xeral** de data 19 de xaneiro de 2022 e do **secretario xeral da Corporación** de data 20 de xaneiro de 2022, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.- CONCEDER** a Dna. Soledad Riesgo Veiga licenza urbanística (Nº 4/22) para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA** na Rúa Punta da Barca, Aguiño, Ribeira, en **parcela D** resultante da **licenza de segregación nº 10/21**, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 16 de decembro de 2021, nos termos do Proxecto Básico de maio de 2021 redactado por Dna.Eva Abal Serantes e D.Alberto Martínez Naya, (arquitecta/os col. nº 11.017 e nº 3.961 respectivamente):

*-Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.*

*-Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde.***

**SEGUNDO.-** A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**TERCEIRO.-** Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- Acta de recepción de edificio terminado.*
- Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*
- Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.*
- Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveles sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.*



**CUARTO.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

**QUINTO.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20220817334
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 03/02/2022	JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 03/02/2022	Fecha: 03/02/2022 Hora: 14:24





serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SEXTO.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SÉTIMO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**OITAVO.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**NOVENO.-** Asimesmo a licenza concedida:

*-So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*

*-Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*

*-Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*

*-Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

**8.- LICENZA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA. LOCALIZACIÓN: LUGAR DE SIRVES, OLVEIRA, RIBEIRA. PROMOTORES: JUAN FRANCISCO LUSTRES GARCÍA/Mª ESPERANZA ROMERO MARTÍNEZ.**

**VISTA** a solicitude de licenza urbanística presentada por **Dna.Mª Esperanza Romero Martínez** e **D. Juan Francisco Lustres** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA**, no lugar de Sirves, Olveira, Ribeira, en parcela con refª catatral nº 15074A940019750000UR, de acordo coProxecto Básico de outubro de 2021 redactado polo Sr. Juan Millán Figueirido, (arquitecto col. nº 3.183):

**EXAMINADA** a documentación que lle acompaña así como os informes do arquitecto técnico e tarefas de asesoramento desta Corproación municipal de data 11 de xaneiro de 2022, da Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira de data 19 de xaneiro de 2022 do



técnico de administración xeral de data 24 de xaneiro de 2022 e do secretario xeral da Corporación de data 25 de xaneiro de 2022, **considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.**

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **acordo**:

**PRIMEIRO.- CONCEDER** a Dna.M<sup>a</sup> Esperanza Romero Martínez e D. Juan Francisco Lustres **licenza urbanística (Nº 5/22)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA**, no lugar de Sirves, Olveira, Ribeira, en parcela con ref<sup>a</sup> catastral nº 15074A940019750000UR, nos termos do Proxecto Básico de outubro de 2021 redactado polo Sr. Juan Millán Figueirido, (arquitecto col. nº 3.183):

*-Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.*

*-Realizada a previa cesión a dominio e uso público da zona afectada por aliñeacións na franxa sita ao longo do vial, cunha superficie de cesión (en total de 20,00 m<sup>2</sup>), deberá completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal **unha fianza de 327,18 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.***

*-Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde***

**SEGUNDO.-** A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**TERCEIRO.-** Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

*-Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*

*-Acta de recepción de edificio terminado.*

*-Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*

*-Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveles sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.*

**CUARTO.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

*-A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e*



*pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscaís. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*

*-A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*

*-Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*

*-O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*

*-Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*

*-Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*

*-A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*

*-A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*

*-Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.*

*-As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*

*-Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*

*-Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

**QUINTO.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SEXTO.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas



obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SÉTIMO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**OITAVO.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**NOVENO.-** Asimesmo a licenza concedida:

*-So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*

*-Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*

*-Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*

*-Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

## 9.- ACORDO DE DEVOLUCIÓN AVAL -Nedgia Galicia, S.A.

**Visto** o escrito presentado por **Nedgia Galicia, S.A.**, de data 17/01/2022 (Registro de entrada nº 733), no solicita a devolución do aval depositado pola realización de obras de canalización de gas natural e acometida en Rúa Cubeliños (Ribeira).

**Visto** o informe favorable emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 20/01/2022.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**Aprobar** a devolución do aval depositado por **Nedgia Galicia, S.A.** pola realización de obras de canalización de gas natural e acometida en Rúa Cubeliños (Ribeira), polo importe de 4.504,95 €.



**10.- ACORDO DE DEVOLUCIÓN DE AVAL E FIANZA –R Cable y Telecable Comunicaciones, S.A.U.**

**Visto** o escrito presentado por **R Cable y Telecable Telecomunicaciones, S.A.U.**, de data 30/10/2020 (Registro de entrada nº 14.364), no solicita a devolución do aval e fianza depositados pola realización de obras de canalización soterrada de acometida de telecomunicacións en IES Leliadoura, Lugar Frións, Carreira.

**Visto** o informe favorable emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 20/01/2022.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

**Aprobar** a devolución do aval e fianza depositados por **R Cable y Telecable Telecomunicaciones, S.A.U.** pola realización de obras de canalización soterrada de acometida de telecomunicacións en IES Leliadoura, Lugar Frións, Carreira, polo importe de 5.976,00 € e 17.928,00 €, respectivamente.

**11.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – María Dolores Ferreirós Rial**

**Vistos** os escritos presentados por Emilio Arestín Rivas en representación de **María Dolores Ferreirós Rial**, de datas 18 e 25/01/2022 (Registros de entrada nº 834 e 1.175), nos que solicita certificación urbanística en relación á edificación sita na Avda da Coruña nº 129, 3º-B, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 0929728NH0102N0010MF.

**Visto** o informe técnico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 26/01/2022, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á edificación sita na Avda da Coruña nº 129, 3º-B, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 0929728NH0102N0010MF

**12.- CERTIFICACION URBANÍSTICA – Susana Rey Dios**

**Visto** o escrito presentado por Rosa Ana Tubío Piñeiro en representación de **Susana Rey Dios**, de data 05/01/2022 (Registro de entrada nº 234), no que solicita certificación urbanística en relación á parcela situada en Rúa Castelao (Aguíño), con ref. catastral nº 9086515MH9098N0001RY.

**Visto** o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico, Manuel Sabín Sabín, de data 18/01/2022, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Se solicita certificado municipal do carácter público ou privado dunha parcela situada en Rúa Castelao (Aguíño), con ref. catastral nº 9086515MH9098N0001RY.



Examinados os datos obrantes no Concello, tales como catastros actual e histórico, e non constando no inventario de bens municipais, se encontra que a parcela arriba indicada é privada e non sendo camiño público.

### 13.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Alberto Pérez Sampedro AMC, S.L.U.

**Visto** o escrito presentado por **Alberto Pérez Sampedro AMC, S.L.U.**, de data 25/01/2022 (Rexistro de entrada nº 1227), no que solicita certificación urbanística en relación á parcela situada en Barrio do Grao – Rúa do Esteirón (Palmeira), con ref. catastral nº 15074A035008440000KB- 15074A035008440001LZ.

**Visto** o informe técnico emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 27/01/2022, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

SITUACIÓN: Barrio do Grao-Rúa do Esteirón (Palmeira)  
REFERENCIA CATASTRAL: 15074A035008440000KB - 15074A035008440001LZ

Se solicita certificado municipal de que a finca arriba indicada está en contacto con vía pública.

Examinado o informe pericial realizado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola, Xerardo S. Tarrío Calvo, se constata que a finca está en contacto con vía pública polo lindeiro Sur, concretamente a Rúa do Esteirón, de Palmeira, tal como representa na dita pericial.

### 14.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Grupo Bacoga Galicia, S.L. (Praia Coroso)

**Visto** o escrito presentado por José Valiño Mourelle en representación de **Grupo Bacoga Galicia, S.L.**, de data 23/11/2021 (Rexistro de entrada nº 20904), no que solicita información urbanística requirida pola Xunta de Galicia en relación a solicitude autorización para estacionamento de vehículo en aparcamento praia de Coroso para a venda de xeados, referescos...

**Visto** o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico, Manuel Sabín Sabín, de data 20/01/2022, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

En contestación aos puntos do requirimento referido:

1º O solo onde se pretende a actuación de colocación do vehículo de despacho de xeados na Praia de Coroso é Sistemas Xerais de Equipamento.

2º O Plan Xeral de Ordenación Municipal, foi aprobado o 17 de decembro de 2.002.

3º A obra solicitada é compatible co planeamento.





**15.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Grupo Bacoga Galicia, S.L. (Praia da Ladeira)**

**Visto** o escrito presentado por José Valiño Mourelle en representación de **Grupo Bacoga Galicia, S.L.**, de data 22/11/2021 (Rexistro de entrada nº 20903), no que solicita información urbanística requirida pola Xunta de Galicia en relación a solicitude autorización para estacionamento de vehículo en aparcamento praia da Ladeira para campaña de verán.

**Visto** o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico, Manuel Sabín Sabín, de data 20/01/2022, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

En contestación aos puntos do requirimento referido:

1º O solo onde se pretende a actuación de colocación do vehículo de despacho de xeados na Praia de Ladeira, Corrubedo, é Solo Rústico de Protección de Costas.

2º O Plan Xeral de Ordenación Municipal, foi aprobado o 17 de decembro de 2.002.

3º A obra solicitada é compatible co planeamento.

**16.- LICENZA DE AGRUPACIÓN-SEGREGACIÓN DE FINCAS. LOCALIZACIÓN: LUGAR DE INSUELA, PALMEIRA, RIBEIRA. PROMOTORES: LUIS MÉNDEZ TORRES, SANTIAGO MÉNDEZ VITES, MARÍA DEL CARMEN TORRES COLOMER.**

**CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano, Ordenanza 6.3-B Residencial Extensiva Unifamiliar Illada.**

**VISTA** a solicitude de **licenza de agrupación e posterior segregación de fincas** presentada a instancia de **Luis Méndez Torres**, (sendo promotores igualmente **Santiago Méndez Vites e María del Carmen Torres Colomer**) en escrito rexistrado de entrada o día 30 de setembro de 2021, (Rexistro de entrada nº 17.554), con refª catastrais nº 15074A007007970000KR e 15074A007011300000KR, sitas no lugar de Insuela, Palmeira, Ribeira, achegándose Estudio Técnico de Agrupación e posterior Segregación de fincas de setembro de 2021 redactado por D.Domingo J. Vidal Álvarez, enxeñeiro da edificación e arquitecto técnico (col.1.470).

**VISTO** o **informe técnico** favorable emitido polo arquitecto técnico Manuel Sabín Sabín en tarefas de asesoramento á corporación tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día **4 de novembro de 2021**.

**VISTO** o **informe** emitido polo **Técnico de Administración Xeral** adscrito ao Departamento de Urbanismo con data **21 de xaneiro de 2022**

**VISTO** o informe emitido polo **Secretario Xeral da Corporación** con data **25 de xaneiro de 2022**

**ACREDITADO** que as fincas nas que se proxecta a segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ribeira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17 de decembro de 2002, publicado no B.O.P. de data 14 de xaneiro de 2003 e no D.O.G. do 20 de marzo de 2003, como **SOLO URBANO CONSOLIDADO ORDENANZA 6.3-B RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR ILLADA**



**EXAMINADA** a documentación que lle acompaña en relación co outorgamento de licenza de parcelamento urbanístico, a solicitude presentada polos interesados reúne os requisitos esixidos legalmente e está acompañada da documentación preceptiva, polo que **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

**PRIMEIRO.- CONCEDER** a Luis Méndez Torres, Santiago Méndez Vites e a María del Carmen Torres Colomer, **LICENZA DE AGRUPACIÓN E POSTERIOR SEGREGACIÓN DE FINCAS (Nº 1/22)** con refª catastrais nº 15074A007007970000KR e 15074A007011300000KR e sitas no lugar de Insuela, Palmeira, Ribeira, nos termos do Estudio Técnico de Agrupación e posterior Segregación de fincas, de setembro de 2021, redactado por D. Domingo J. Vidal Álvarez, enxeñeiro da edificación e arquitecto técnico (col.1.470), resultando finalmente tres (3) fincas do seguinte modo:

**FINCA MATRIZ A**, Insuela 62. Palmeira. Ribeira con refª catastral nº 15074A007007970000KR, propiedade de D. Santiago Méndez Vites e Dna. María del Carmen Torres Colomer e que conta cunha superficie de 4.568,00 m<sup>2</sup>, que linda: Norte vial e finca con refª catastral nº 15074A007008010000KI; Sur dominio público marítimo terrestre e finca con refª catastral nº 15074A007011380000KU; Leste fincas con refª catastral nº 15074A007008010000KI, 001902000NH01C0001MM, 15074A007011290000KX, 15074A007011300000KR, 15074A007011310000KD e 15074A007011380000KU; Oeste finca con refª catastral nº 15074A007007950000KO.

**FINCA MATRIZ B**, "Arieiros", Insuela, Palmeira, Ribeira, con refª catastral nº 15074A007011300000KR, propiedade de D.Luis Méndez Torres, con refª rexistral, tomo 1512, libro 452, folio 207, finca 10.524, e que conta cunha superficie de 303,00 m<sup>2</sup>, que linda: Norte finca con refª catastral nº 15074A007011290000KX; Sur finca con refª catastral nº 15074A007011310000KD; Leste, vial; Oeste, finca con refª catastral nº 15074A007007970000KR.

**FINCAS RESULTANTES TRAS A AGRUPACIÓN E POSTERIOR SEGREGACIÓN DE FINCAS:**

-**FINCA A**, cunha superficie de 1.002,00 m<sup>2</sup>, que linda: Norte, finca con refª catastral nº 15074A007008010000KI; Sur, Finca B resultante da segregación; Leste fincas con refª catastral nº 15074A007008010000KI, 001902000NH01C0001MM, 15074A007011290000KX; Oeste, Finca B resultante da segregación.

-**FINCA B**, cunha superficie de 2.005,00 m<sup>2</sup>, que linda: Norte, vial e finca A resultante da segregación; Sur, Finca C resultante da segregación; Leste, finca con refª catastral nº 15074A007011290000KX e Finca C resultante da segregación: Oeste, finca con refª catastral nº 15074A007007950000KO.

-**FINCA C**, cunha superficie de 1.863,00 m<sup>2</sup>, que linda: Norte finca B resultante da segregación e finca con refª catastral nº 15074A007011290000KX; Sur, dominio público marítimo terrestre e fincas con refª catastral nº 15074A007011380000KU e 15074A007011310000KD; Leste, vial e fincas con refª catastral nº 15074A007011310000KD e 15074A007011380000KU; Oeste, finca B resultante da segregación e finca con refª catastral nº 15074A007007950000KO

**TERCEIRO.-** O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20220817334
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 03/02/2022	JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 03/02/2022	Fecha: 03/02/2022 Hora: 14:24



procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

**CUARTO.-** Asemade a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

**QUINTO:-** Notificar o presente acordo aos interesados xunto coa comunicación dos recursos procedentes.

#### **17.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN – CONTRATACIÓN PERSOAL TÉCNICO SERVIZOS CULTURA 2022**

**Vista** a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 31/01/2022, relativa á publicación das Bases Reguladoras do programa FO206/2022 de subvencións a Concellos e outras entidades locais para o mantemento ou creación de postos de traballo de persoal técnico nos servizos municipais de cultura en 2021 (BOP nº 14 do 21/01/2022).

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- 1.- Acolleuse ao sinalado na citada convocatoria e solicitar unha axuda para o financiamento do programa “subvencións dirixidas a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico nos servizos de cultura en 2022” na modalidade de mantemento do posto de traballo de técnico en xestión cultural para a praza correspondente ao Programador de Exposicións (persoal técnico en xestión cultural, grupo II).
- 2.- Facultar ao Sr. Alcalde D. Manuel Ruiz Rivas para actuar en representación do Concello de Ribeira e formular a correspondente solicitude de axuda.
- 3.- Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se solicitan.
- 4.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 5.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que se realice para acadar a finalidade para a que é concedida, así como declarar o compromiso de utilización da lingua galega na realización e



desenvolvemento dos proxectos e actividades organizadas e incorporar con carácter xeral a transversalidade de xénero a través dunha linguaxe non sexista e inclusiva nas accións.

- 6.- Remitir na data correspondente a memoria xustificativa da realización da actividade e do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención.

## 18.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN – CONTRATACIÓN PERSOAL TÉCNICO MUSEOS 2022

**Vista** a proposta do Concelleiro Delegado de Turismo e Comercio, Ramón Doval Sampedro, de data 31/01/2022, relativa á convocatoria do “Programa de subvencións dirixidas a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros museísticos (museos, coleccións museográficas o centros de interpretación), durante o ano 2022”. (F0216/2022), da Deputación Provincial da Coruña (BOP nº 19, de data 28/01/2022).

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- 1.- Acollese ao sinalado na citada convocatoria e solicitar unha axuda para o financiamento do programa “subvencións dirixidas a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros museísticos (museos, coleccións museográficas o centros de interpretación), durante o ano 2022” – **Centro de Interpretación Arqueolóxica de San Roque**.
- 2.- Facultar ao Sr. Alcalde D. Manuel Ruiz Rivas para actuar en representación do Concello de Ribeira e formular a correspondente solicitude de axuda.
- 3.- Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se inclúen.
- 4.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 5.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que se realice para acadar a finalidade para a que é concedida.
- 6.- Remitir na data correspondente a memoria xustificativa da realización da actividade e do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención.

## 19.- SOLICITUDE SINALIZACIÓN DE RÚA SEN SAÍDA (Rúa Torreiro) –José Francisco Parente Martínez

**Visto** o escrito presentado por **José Francisco Parente Martínez** en representación dos veciños da Rúa Torreiro (Corrubedo), de data 18/01/2022 (Rexistro de entrada nº 845), no que solicitan a reposición dun sinal de “rúa sen saída” que se atopaba preto da Casa do Mar (Corrubedo).

**Visto** o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 27/01/2022, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**Autorizar** a instalación dun sinal S-15A (presinalización de calzada sen saída) na Rúa Torreiro



(Corrubedo), co fin de evitar que os vehículos se vexan obrigados a circular marcha atrás por descoñecer que se trata dunha rúa sen saída, segundo o sinalado no citado informe policial.

## 20.- SOLICITUDE SINALIZACIÓN DE RÚA SEN SAÍDA (Rúa Buenos Aires) –José Francisco Parente Martínez

**Visto** o escrito presentado por **José Francisco Parente Martínez** en representación dos veciños da Rúa Buenos Aires (Corrubedo), de data 18/01/2022 (Registro de entrada nº 844), no que solicitan a reposición dun sinal de “rúa sen saída” á altura do nº 101 da Rúa Buenos Aires (Corrubedo).

**Visto** o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 28/01/2022, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**Autorizar** a reubicación, coa instalación dunha nova sinal S-15A (presinalización de calzada sen saída) por estar a actual moi deteriorada e con pouca visibilidade, na Rúa Buenos Aires (Corrubedo), co fin de evitar que os vehículos se vexan obrigados a circular marcha atrás, segundo o sinalado no citado informe policial

## 21.- ACORDO DE PROHIBICIÓN DE CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS PESADOS NA RÚA IRMANDIÑOS

**Visto** o informe presentado pola Policía Local, de data 28/01/2022, relativo á necesidade de instalar unha sinal R-107 de prohibición de acceso a vehículos que superen as 3,5 t. na Rúa Irmandiños, no cruce coa Rúa Cristobal Colón (Ribeira), debido a que se trata dunha rúa moi estreita e cun treito moi angulos, que non permite o paso de vehículos grandes e con dificultades a vehículos medianos.

**Visto** o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 28/01/2022, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**Autorizar** a instalación dunha sinal R-107 de prohibición de acceso a vehículos que superen as 3,5 t. na Rúa Irmandiños, no cruce coa Rúa Cristobal Colón (Ribeira), co fin de evitar estes promemas de circulación de vehículos pesados, segundo o indicado no citado informe policial.

## 22.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN INSTALACIÓN ESPELLO DE TRÁFICO EN ESTRADA DP-7306 –Susana Ayaso Pérez.

**Visto** o escrito presentado por **Susana Ayaso Pérez**, de data 17/01/2022 (Registro de entrada nº 703), no que solicita a instalación dun espello de tráfico na estrada DP-7306, á altura do nº 71 B do lugar de Vixán – Carreira (Ribeira), debido a á saí dun garaxe hai pouca visibilidade debido a unha cega.

**Visto** o **informe** emitido ao respecto pola Policía Local, de data 26/01/2022, no que sinala:



“- Que el tramo que nos ocupa es una carretera de dominación DP- 7306, al paso por el lugar de VIXÁN, CARREIRA, **Titularidad de la Diputación de A Coruña.**

- Así en el artículo 139. 1 del Real Decreto 1428/2003, de 21 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento General de Circulación para la aplicación y desarrollo del texto articulado de la Ley sobre tráfico, circulación de vehículos a motor y seguridad vial, aprobado por el Real Decreto Legislativo 339/1990, de 2 de marzo, establece:

... que **corresponde al titular de la vía la responsabilidad** de su mantenimiento en las mejores condiciones posibles de seguridad para la circulación y la instalación y conservación en ella de las adecuadas **señales y marcas viales**. También corresponde al titular de la vía **la autorización previa para la instalación en ella de otras señales de circulación**”

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

**Solicitar** á Deputación Provincial da Coruña **autorización para a instalación, por parte deste concello, dun espello de tráfico** na estrada CP-7306, á altura dos nº 71 B do lugar de Vixán – Carreira (Ribeira), co fin de facilitar a visibilidade á saída dun garaxe particular, según o sinalado no citado informe policial.

**A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:00 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.**

